

## BOLETÍN DE ALTA DE SOCIO/A

Nome	
DNI/NIE	
Enderezo	
Concello	C.P.
Teléfono/s	
Correo electrónico	

## TIPO DE ALTA

Socio/a	
Colaborador/a non socio/a, (participa con capital)	

Nº de conta:

Caixa Rural Galega 3070 0035 25 6026663424

Cumprimenta os datos e envíaos xunto con algún comprobante do ingreso ao seguinte enderezo:

**AIS "O PETO"**  
r/San Roque 6 bis  
15704 Santiago de Compostela

Para máis información:  
ais\_opeto@hotmail.com  
tfnos 981 576 142/696 292 330  
fax 981 580 506  
www.opeto.org

*"Son cousas pequeniñas.*

*Non rematan coa pobreza, non nos sacan do subdesenvolvemento, non socializan os medios de produción e de cambio, non expropián as covas de Alí Babá.*

*Mais cecais desencadenen a ledicia de facer e a traduzan en actos.*

*E ao fin e ao cabo, actuar sobre a realidade e mudala, aínda que sexa un pouquiño, é a única maneira de probar que a realidade é transformable".*

*Eduardo Galeano*



# AIS

Asociación por un **Interese Solidario**

# O PETO



## **¿Que é AIS “O Peto”?**

É unha asociación sen ánimo de lucro que alenta e propón unha economía alternativa e solidaria onde se antepón o valor da persoa por riba do capital.

## **O noso ideario**

Rotura progresiva coa xestión tradicional dos aforros e dos cartos, coa súa mentalidade e os seus hábitos.

Contribuír ao abandono progresivo do lucro e especulación do sistema financeiro.

Xestión pola sociedade dos seus propios recursos contribuindo á mellor redistribución dos mesmos, á pedagogía da solidariedade e á participación sociopolítica.

Facer do traballo o medio e o obxectivo central de todo préstamo.

Promover unha formación integral das persoas fomentando os valores de xustiza e solidariedade, que favorezan un cambio de valores nas nosas vidas para así transformar a sociedade.

## **Os nosos obxectivos**

Achegar financiamento a aquelas personas que teñen propostas viábeis de autoemprego, pero que non teñen acceso ao sistema financeiro, caixas e bancos, ao carecer de quen os avale.

Crear as canles que permitan a participación activa e o traballo coordinado de quen está interesada/o nos múltiples aspectos da economía alternativa e solidaria.

Por en marcha os medios necesarios que faciliten a participación e/ou investimento de quen busca criterios éticos e unha rendibilidade social ao seu diñeiro.

## **O noso funcionamento**

O capital de AIS “O Peto” está formado por participacións de 60 euros.

O 90% do capital destínase a préstamos, financiando proxectos de creación de emprego que non teñen acceso á financiación tradicional. O restante 10% a accións divulgativas e administración interna.

Outra forma de participar será a aportación de traballo voluntario.

O estudo da viabilidade e o seguimento técnico dos proxectos presentados faise a través da Plataforma polo Emprego. Unha xunta directiva aberta a tódalas socias/os aproba a concesión dos préstamos pola maioría cualificada, responsabilizando a unha socia/o do seguimento.

O modelo é autoxestionario e democrático.

## **Os nosos medios**

Traballo gratuíto dos socios/as e colaboradores/as, tanto no cumprimento dos fins da asociación como no seu funcionamento interno.

Capital formado polas participacións adquiridas. Este capital pode posteriormente recuperarse nun 90% segundo un procedemento establecido ao efecto.

Investimento non lucrativo de proxectos con rendibilidade social ou cultural e viabilidade económica, que poñen o centro de atención no traballo socialmente necesario. Para que a persoa poida ser protagonista da súa vida.

Educación en actividades de formación para socios/as e simpatizantes, co fin de afondar nos fundamentos da economía alternativa e solidaria. Os/as destinatarios/as dos préstamos tamén poderán participar nelas.

